

Des 



Jesús Vázquez Almuiña  
Conseilleiro de Sanidade.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

Sr. Conseilleiro:

Como vostede xa saberá, a Sala do Social do Tribunal Supremo, na súa recente sentenza do 24 de xaneiro de 2017 (RCUD 1902/2015) unificou a doutrina xurisprudencial en relación co dereito do persoal estatutario a percibir a retribución das gardas, a pesar de non realizalas materialmente por encontrarse o posto adaptado por risco durante a gravidez ou a lactación.

En concreto, declarou que a práctica das administracións sanitarias de non satisfaceren o importe tales gardas, que foi e segue a ser o criterio do Servizo Galego de Saúde, supón unha discriminación indirecta por razón de sexo prohibida polo artigo 14 da Constitución. Isto tamén é de aplicación a todas as mulleres que deixan de facer atención continuada na modalidade de noites e días feirados.

A xurisprudencia do Tribunal Supremo é o criterio de interpretación para os órganos xudiciais inferiores, polo que sería unha mostra de irresponsabilidade e de nulo compromiso cos dereitos das mulleres que esa administración non modificase de oficio o seu criterio para se axustar á legalidade, obrigando as traballadoras a emprenderen reclamacións xudiciais. En palabras de Concepción Arenal, «Non é tan culpábel o que descoñece un deber como o que o coñece e o pisa».

Agardando unha resposta favorábel, reciba un saúdo,

Rúgela F. Calvo, 10  
15702 Santiago  
Tlxos: 981 852826  
981 564300  
982 332958  
Fax: 981 571082  
Correo-e:  
secretaria nacional@sig-  
saude.info  
secretaria@sig-  
saude.info

A secretaria nacional da CIG-Saúde,

  
María Xosé Abufín Álvarez.

de a **CIG-Saúde** vimos de remitir este escrito (preme sobre a imaxe para agrandar) tanto ao Conselleiro de Sanidade como á Dirección de Recursos Humanos para que, após a sentenza do Tribunal Supremo do 24 de xaneiro de 2017 (RCUD 1902/2015), que unificou a doutrina xurisprudencial en relación co dereito do persoal estatutario a percibir a retribución das gardas, a pesar de non realizalas materialmente por encontrarse o posto adaptado por risco durante a gravidez ou a lactación, proceda a incorporar de inmediato ese criterio e **ao pago da atención continuada e gardas ás mulleres xestantes en situación de risco no embarazo ou lactación, ou de descanso maternal, así como calquera outro permiso ou situación derivada da maternidade**